



FERMÍN BOUZA BREY

Un xuíz de lei





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística



Fundación Lois Peña Novo


**COORDINACIÓN:**  
Xosé González Martínez  
Carme Pérez Vaquero

**EDITA:**  
Pío García Edicións

**MAQUETACIÓN:**  
Nerea Otazo Echeverría

**IMPRIME:**  
Litonor

**DEPÓSITO LEGAL:** C 2213-2008



FERMÍN BOUZA BREY  
Un xuíz de lei

---

4

F. BOUZA BREY



# APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

---

En 1930 recién chegado á Estrada é un dos xuíces máis novos de Galicia e ante el ten todos os auspicios dunha carreira brillante, na que compaxina a súa estricta profesionalidade cunha formación humana completa. Son escasos os textos que adica ao Dereito pero nos que existen, demostra ter sempre presente o fondo popular como sustento dunha xustiza e, por tanto, a singularidade da xustiza no seo dun pobo.

“Eu non sei ata que punto o Xuíz debe enteirarse do folklore do pobo onde outorga xustiza, o que equivalería a coñecer o pensamento colectivo en que a súa función se move. O que sei por min é que sempre recibín auxilio en trances de dúbida do saber popular como denominador común a todos os xusticiables nun medio tan denso en expresións gregarias como é Galicia. Tamén creo que ningunha lei debería afastarse nin menos contrapoiñerse ao sentir da comunidade para a que se dicta baixo

ningún pretexto, pois non cabe descoñecer cantos lexisladores de gabinete se negan a recibir o aire montañeiro que non chegue a través do filtro das súas últimas lecturas, so pretexto de europeísmo. E o dano foi unha lei dictada (...) cansada de ser reparada por quen ten por función aplicala, suavizándoa ou adaptándoa. Para coñecer o pensar da comunidade galega no xurídico o refraneiro é fonte principal”

6

F. BOUZA BREY

En 1937 Bouza Brey é suspendido do seu posto de xuíz por efectos dunha denuncia. As acusacións eran graves, pero non tanto que Bouza non as puidese resolver coa súa habilidade para buscar na palabra o xiro perfecto. Baixo a denuncia por masón, galeguista e dubidoso respecto aos principios do Movemento estaban os feitos, segundo Fermín Bouza Álvarez: “O meu pai, como era xuíz e estaba ao tanto dos manexos que se traían os de Franco, enteirábase de a quen tiñan pensado pasear” e antes de que o levasen dictaba orde de detención e metíao no cárcere. Os falanxistas decatáronse da súa manobra e intentaron tiralo do medio. En certa



Bouza Brey no Instituto Padre Sarmiento.



Actos de ingreso na Real Academia Galega.



medida, lograron pero el xa salvara algunhas vidas. Non foi rehabilitado no posto ata 1939”.

O profesor Filgueira Valverde explica as circunstancias que lle tocara vivir a Bouza Brey así: “A Fermín tocoulle a mala sorte de ser xuíz, que eran por entón persoas de máximo prestixio social, e tivo que afeitugar con situacións máis difíciles, por exemplo, cás miñas”.

8

F. BOUZA BREY

En 1939, Bouza é rehabilitado na xudicatura co cargo de xuíz xurídico-militar e destinado a Lleida. “O de Lleida –asegura Cuñas Novás- foi algo así como un castigo ou unha proba”

O mesmo ano do seu traslado regresa á Estrada e xa no posto de xuíz de primeira instancia.

Por fin, en 1942, Bouza Brey consegue ser destinado a Santiago, a cidade de onde proviña a súa familia paterna, na que transcorreran os seus felices anos novos, na que se asentara o Seminario de Estudos Galegos, que el propiciara xunto con outros intelectuais.



En Santiago

Durante este tempo é profesor auxiliar de Dereito Penal e, no verán, dos cursos para estranxeiros.

En 1945 ascende a maxistrado. O primeiro destino que se lle asina é Lugo. Unha enfermidade impídelle tomar posesión do cargo na cidade.

En xullo de 1946 é destinado a Pontevedra.

Desde sempre Fermín Bouza Brey intentou sempre manterse neutral como maxistrado e, mesmo non renuncia ás súas crenzas. Non se decataba que na postguerra, había que sacrificar as crenzas persoais para conservarse, -dicía a súa esposa.



Na Real Academia Galega.



En Portugal.



Seminario Estudios Galegos.



En Toledo.

12

F. BOUZA BREY

DÍA DAS  
LETRAS  
GALEGAS



FERMÍN BOUZA-BREY

1992

UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA



En Buriz (Portugal).



Patronato Rosalía de Castro.

Na Audiencia, -di dona Emilia-, tiña bos inimigos. Entre estes últimos estaba o presidente e outro maxistrado, que deron en ir por el. Non pararon ata que o derrubaron.

En 1948 apareceu un trebón na biografía de Fermín Bouza Brey. As intrigas e acusacións para desacreditalo e conseguir que o seu prestixio intelectual fose a máis, conseguen o que pretendían: arredalo da xudicatura.

En 1952, en carta dirixida a Álvarez Blázquez, dille:

¡Se che digo que o “acaparador da nosa ciencia” foi declarar contra miña citando mesmo que entre nós houbera “unha querela literaria”!. Nada lle penso dicir senón usar do mesmo proceder (atenuado polo perdón que Deus ordena) e tempo virá en que as súas treidurías sexan postas ao descuberto. (Esíxochesegredo de cabaleiro nisto e se llo dis a alguén fallas a esta solemne promesa. Quero que me considere ignorante do seu proceder”).

Ante a situación de abafamento que vive traça un plan para afastarse: “pedirei a excedencia e dedicareime ao exercicio da profesión en Santiago. Para iso teño que preparar as cousas e con tal motivo pedin licenza por doente. Si mentres dura a doenza (en maiúsculas no orixinal) armo o bufete, entón xa pido a excedencia. Se non, pido outra Audiencia de menos traballo ou un Xulgado descansado, pido licenza e vou aguantando deica o outono en que definitivamente abrirei a consulta”.



Na Arxentina.





Bouza decide pedir o traslado a Lleida, onde permanecerá ata fins do ano. Ali recibe o calor e o agarimo do catalanismo que coñece a súa cruz.

A fins de 1949 é destinado á Audiencia de Oviedo. Síntese engaiolado polas xentes do principado. Ofrécenlle unha axudantía na Universidade, e ten “vara

alta” no Instituto de Estudos Asturienses. Goza das simpatías do Reitor e de diversos catedráticos da Universidade. Sentíase cómodo.

En 1951 trasládase á Arxentina, invitado pola colectividade galego, para pronunciar varias conferencias. De volta, en Galicia agárdao un proceso que cambiará o rumbo da súa vida e que o postrará, por

máis de vinte anos, no ostracismo. Foi terrible, asegura Cuña Novás, porque Fermín Bouza Brey quedou marcado como un deses xudeos aos que lle colocaban a estrela de cinco puntas na ditadura de Hitler.

As moitas conferencias que pronunciara nas colectividade galegas non gustaron ás autoridades franquistas, que alertados polos servizos secretos da Embaixada, encargáronse de pasarlle factura polas súas mostras de fe no galeguismo.

Nunha carta que lle escribe ao seu amigo Álvarez Blázquez dille que os seus xefes ovetenses ficaron asustados. “Mais eu non retirei ren”, di. Gravita sobre el un expediente nun mundo ao revés onde prosperan e medran e son atacados, tanto no seo da Xustiza como fóra delas, os ladróns, os prevaricadores e os “contravalores sociais capaces de tódalas miserias”.

Bouza remite a algúns amigos unha copia dos cargos que se lle inculpan, todos eles referidos ás conferencias dadas en Bos Aires e as súas posibles consecuencias políticas.



F. BOUZA BREY

SUPERVIVENCIAS ANTROPONÍMICAS,  
TOPONOMÁSTICAS, ANTROPOLÓXICAS,  
XURÍDICAS E FOLCLÓRICAS  
DA GALICIA SUEVA

Fermín Bouza Brey

19

F. BOUZA BREY



F. BOUZA BREY

Unhas palabras do profesor Piel deben servir de introdución ás notas onomásticas que seguen para orientalas axeitadamente. Di o egrexio investigador da toponimia do Noroeste peninsular que é un erro bastante divulgado considerar que os actuais idiomas hispánicos –e agora, no caso que nos interesa, o galego-portugués– datan dos séculos XII ou XIII, cando en realidade as orixes das linguas vulgares remóntanse aos séculos V e VI, pois naceron coa nova orientación nacional que na Península xorde coas disgregacións do Imperio ocasionadas polas invasións xermánicas. Se foi crido aquel erro é por mor de que nos séculos XII e XIII é cando aparecen os idiomas romances estampados nos documentos; máis o certo é que ao gravitar Roma lingüisticamente sobre os pobos como consecuencia da emancipación destes politicamente, estes formaron novas rexións lingüísticas naturais que moitas veces se identificaron co ámbito da rexión xeográfica. Así, pois, se os Suevos e os Godos non fundiron a súa lingua nin contaminaron o latín, contribuíron coa súa interferencia ao prepararen o terreo para que puidesen nacer os novos idiomas “libertando –di Piel, se no podemos expresar así, as forzas inmanentes

da lingua, dominadas e inmovilizadas deica entón pola capital do Imperio”.

Aínda nas inscricións máis breves, como son as lendas moetarias, dicimos nós apoiando o referido por Piel, bótanse de ver variante fonéticas e morfolóxicas que van suplantando aos textos clásicos, e así cabe distinguir xa unha inscrición romana nos séculos V e VI fronte á latina lingua dos numismas imperiais peninsulares, fenómenos que foron estudados por Mateu e Llopis.

Obtemos desta sorte o primeiro resultado da invasión sueva na orde lingüística: o de ter contribuído coa súa ocupación territorial a orixinaren a lingua galego-portuguesa.

Os restos actuais do idioma suevo na antiga Gallaecia podemos agrupalos en tres clases: restos antroponímicos, restos toponomásticos e palabras de uso corrente conservadas na lingua galego-portuguesa.

Nestes estudos é de xustiza mencionar en primei-

ro lugar ao precursor Frei Martín Sarmiento, o gran frade bieito galego que na súa “Onomástica etimolóxica da lingua galega” sentou no século XIII as bases para a investigación onomástica con moderno criterio científico, en especial no que fai a Galicia. E tamén cómpre ter presente, como norma xeral, que segundo expresión de Meyer Lübke, “na Península Ibérica habería que ter en conta o gótico-vándalo e o suevo”, pero deica agora aínda non se pode establecer ningunha diferenza entre estas linguas polo que á Península se refire, malia que a onomástica é sumamente abundante. Hai, sen embargo, unha tentativa de Reinhart que anuncia unha discriminación entre unhas e outras linguas; mais, mentres, os avances obtidos valen tanto para a lingua sueva como para a do pobo godo.

No pequeno resume que facemos a seguir temos presentes non só os estudos do Padre Sarmiento, senón tamén os modernos de Leite de Vasconcelos, García de Diego, Sanchs, Rodrigues Lapa, Gamilicheg, Meyer Lübke, Piel e Reinhard.

Os nomes derivados de posuidores xermanos ou do-



nos de terras nas que o seu dominio derivou acaso do reparto efectuado do solo durante o asentamento dos pobos invasores, non só se conservan hoxe na toponomástica senón que continuaron como nomes persoais ou propios durante moitos séculos, tanto en Galicia como en Portugal. Se rexistramos os documentos medievais máis antigos chegados a nós dunha ou doutra ribeira do Miño, observaremos que a proporción de nomes xermánicos de persoas é tan extraordinaria que, en acaída frase de Piel “custa case crer que fosen redatados en país románico”. Admíranse Reinhart e Piel ao coñeceren, respectivamente, dun documento galego do ano 954 e dos documentos portugueses do século VIII como o da fundación da igrexa de Lordosa do ano 882, da gran proporción de antropónimos xermánicos que neles figuran, advertindo o último dos devanditos investigadores que no documento de Lordoso, dos vinte e cinco individuos que nel se citan, dezoito levan nomes xermanos e tan só sete os levan latino-cristianos.

Estes datos non serven, por suposto, para explicar a nacionalidade a que pertencen os subscritores

da carta ou diploma de que se trata, senón en opinión de Piel, só para salientar o prestixio político dos xermanos e a súa situación de señores que incluía que o pobo preferise os seus nomes. Atribúeno a un fenómeno de moda por estaren cansos xa os hispano-romanos de oíren os monótonos nomes de Primus, Secundus, Quintus, etc. Pero hai unha interdependenza, como vimos dicindo, entre os nomes persoais e os nomes de lugar ou de “presuria”. Sen embargo, hai outros nomes tópicos que non gardan esta relación, tales como os que indican ter existido unha colonia ou grupo antigo xermánico encadrado nunha poboación románica, como son os topónimos Suevos, que en número de catro se conservan en Galicia. Ou o monte Sueve que se ubica en Asturias; así como as localidades nomeadas Godos que existen en Galicia xustamente con outros nomes que lembran a denominación goda como Godín, Gudiña, Casal de Goda, etc. existinto a súa vez outros nomes derivados de palabras góticas significando “casa” como é “Boiro” e “Saa” que entra a formar compostos como “Saavedra”, híbrido do xermánico Sala e do latino Vetera.

Piel dámos unha lista resumida dos elementos finais máis frecuentes e característicos dos topónimos de orixe xermánica, cos seus correspondentes exemplos que ímos repetir agora. Alí están os característicos terminados en-vai, en-frei, en-ilde, en-gondo, y-gunde, en-mor e en-mil, en-munde, en-iz, en-sinde, en-aldea, en-ulfe e tantos outros, dos que dera abonda relación o padre Sarmiento.

Polo que se refire á influencia xermánica no léxico galego-portugués, son deica agora arredor de douscentos os vocablos que poden sinalarse e entre eles sinala Gamilscheg como palabras suevas estas cinco:

britar=romper - brillhan  
lobio=emparrado - laubya  
laberca=alondra - lawerk  
trigar= empujar - trihan

Bouro, Boiro = nome de pobo que en suevo –“burio” significa “casa”.

As palabras “laberca” e “lobio” xa foron sinaladas como góticas polo Padre Sarmiento e aínda engade a elas a de “rebezo”.

García de Diego, a súa vez, sinala como posibles palabras de procedencia sueva:

ascoa= aska  
broa= pan - broad  
buxeu=carnicero - bukk  
drola, gola=embuste -droll  
gabarse=alabarse - gabb  
lisca=pata -pauta  
rincar=beber -trinkan

Fundaméntase para isto o egrexio filólogo en que estes termos existen tan só no idioma galego: ademais, di, non podían proceder dos godos porque cando estes entraron en Galicia xa estaban romanizados e, xa que logo, a súa lingua corrupta ou morta.

Pola súa banda, Reinhart atopa que a expresión galega usada para evacuar un lugar ocupado por xente, expresión de carácter imperativo “lús”, é a palabra suevo-gótica *laus*, significando baleirar ou baleiro. Reinhart prometera examinar o empréstamo suevo á toponimia galego-portuguesa, referente sobre todo aos distritos portugueses de Viana do Castelo, Braga e Oporto, comprobando que máis de tres mil nomes xermánicos “son na súa meirande parte de orixe sueva”; pero a morte co seu imperio impediulle levar a cabo seu estudo.

Á lista de palabras de procedencia sueva hai que engadir a voz galega “garala” ou “garalo” que na súa orixe –no dicir tamén do Padre Sarmiento– significaría o animal garañón, e despois, por aplicación inxuriosa, o home moi dado a mulleres e que tomou ao seu cargo multiplicar a especie humana que aquel polígrafo insigne cre que procede do gótico “Waramio”, significando o cabalo de posto ou pai. A nós ocórrenos que tal palabra sueva quizais superviva na voz “garela” que así se lles chama ás mulleres de Betanzos.

As supervivencias antropolóxicas do pobo suevo nos caracteres somáticos dos actuais habitantes do Noroeste peninsular é un estudo que está por facer. Só nalgúns estudos dos antropólogos portugueses se pode rastrexar algo a este respecto. Nós proporcionámoslle a Reinhart para a súa Historia do reino suevo os datos atopados nas obras de Ricardo Severo, Fonseca Cardoso e Luís de Pina, principalmente nos seus estudos relativos á poboación miñota. O máis moderno destes traballos debido ao distinguido investigador e amigo Dr. Luís de Pina, conclúe, unha vez examinados os resultados antropométricos (altura media 1,65 m. e máxima 1,80 para homes; e 1,54 m. e 1,67, respectivamente para mulleres), a forma nasal e a color dos ollos e dos cabelos (percentaxe de cabelos loiros 2%, elevándose en bisbarras como a de Ponte de Lima, a un 15%) ser notoria a influencia nórdica na poboación, conclusión á que pode conducir en Galicia un exame do hábito externo da poboación rural pola abundancia de pigmentación clara nos ollos e de cabelos loiros.

Supervivencias suélicas no dereito consuetudina-

rio actual e conxeturas sobre o estado do dereito privado no Reino dos Suevos sinaláronse con toda reserva, describíndose por Luís Bouza Brey prácticas como a da palmada, o ramo e a man de terra como fórmulas contratuais que teñen de interese o estaren vixentes aínda nos tratos populares entre labregos galego-portugueses. A institución do “petrúcio”, certos costumes relativos ao dominio e a súa limitación como a “gávea” e a “serventía de arado e boi” poderían ter a súa orixe nas institucións xurídicas do pobo suevo.

A influencia dos costumes xermánicos na nosa etnografía foi posta de relevo en Galicia polo ilustre historiador don Manuel Murguía. “Os seus vestixios –di– son aínda tan poderosos como perseverantes. Descóbreles nos fueros de poboación, son patentes nos usos públicos, crenzas, tradicións e lendas populares. Grazas a elas pode dicirse que o placitum, as probas xudiciais da auga e do lume, o duelo xudiciario, a confraternidade, o mesmo wergheld fóronos tan de noso como aos demais pobos que padeceron no seu día o dominio bárbaro. E cita entre estas lembranzas a misa probatoria no caso

do bispo Adaulfo de Iria, coa lenda da casula que considera “resto sen dúbidas das crenzas xermánicas referidas á camisa e a súa virtude purificadora”. A isto poderíase engadir a supervivencia actual no pobo da crenza de que a camisa libra de embruxamentos e por iso o home tentado de bruxas sácaa por fóra, supersticións que é común en toda Galicia; a chamada Proba do féretro que cre ver no relato que fai o manuscrito da “Historia do mosteiro de Sobrado” da traxedia de Vasco das Seixas, señor de San Paio de Narla, que en 1543 matou a súa esposa por celos; pero, cando abriron o sartego perante o Oidor da Audiencia para facer a necesaria información, atopárono incorrupto “co rostro tan fermoso coma se estivese adormecido, e a ferida coma se acabaran de darlle a puñalada “o cal tívose -dí a crónica- por testemuño máis que humano en proba da súa inocencia”. Non consistía noutra cousa entre os xermanos a proba do féretro”, comenta Murguía.

Entre os costumes aos que aquel ilustre historiador galego considera de orixe xermánica, figuran dos relativos ás relacións entre os dous sexos. Unha a que



di respecto “a certo uso ata hai pouco existente nalgúns portos do noso litoral e que lembra a Priscus nun especial detalle da relación da ambaixada a Athila”. Outra refírese á frase popular empregada polos mozos ao pedir a súa noiva que lles deixe compartir leito: “Poremos a palla no medio”. Murguía considéraa supervivencia do costume bárbaro de poñer a espada como garante da pureza entre o home e a muller que ocupaban o mesmo leito. É curioso a este respecto que en tódalas versións galegas coñecidas do romance de Xerineldo, que en Galicia é moi antigo, se conserve

# PAREMIOLOXÍA XURÍDICA DE GALICIA

33

F. BOUZA BREY



Como aportación ao estudo por facer dunha das máis interesantes facetas da paremioloxía galega, recollimos os materiais que seguen. Neles, a primeira vista sen relación co Dereito, atópanse normas reguladoras das relacións xurídicas populares e regras procesuais tinguidas de suspicacia rural perante os Tribunais de xustiza. Aparecen en sentido figurado refráns que teñen a súa case exclusiva aplicación nas contendas xudiciais pois Galicia, país principalmente agrícola, con gran número de propietarios de pequenos predios, consume boa parte das súas enerxías na defensa dos patrimonios dos seus poboadores. Outras paremias teñen un sentido recto. Outras refírense, xa que logo, ao comportamento de funcionarios e testemuñas, salientando entre os aludidos os secretarios xudiciais ou escribáns e os eclesiásticos, que non saen ben parados, uns e mailos outros, do axuizamento popular. O tipo do avogado, especialmente do novato, levan tamén os seus paus; pero a importancia desta profesión liberal para o labrego galego amósase claramente sobranceada.

Moitas outras interesantes observacións pode ato-

par o que, decidido a investigar este aspecto do folclóre do Noroeste, una ás presentes notas as que poida extraer doutras manifestacións da literatura oral non só de Galicia, senón da rexión portuguesa do Miño.

## A

1. Avogado novo xustiza polas silveiras.
2. A castaña que está no camiño é do veciño.
3. A débeda e o labor quedan para o prior.
4. A febre do aire moito á Xustiza lle vale.
5. A merda non ten querela.
6. A moita bondade creba a Autoridade.
7. Ao que lle importe o muiño teña conta do rodicio.
8. Aos papeis e ás mulleres hai que mirarlles a cara e o cú.
9. A quen non debo non teño medo. Ou tamén:
10. A quen non debo non temo.
11. A rico non debas e a probe non prometas.
12. As contas de Xan non son como se fan.

## B

13. Ben rei é o que ao rei non ve.
14. Bens herdados non son comprados.
15. Boa demanda, ruín demanda, ten ao escribán da túa banda (Véxanse números 16 e 21)
16. Bo ou mal preito, o escribán ao teu xeito.

## C

17. Cando foses ao Concello acorda o teu e deixa o alleo.
18. Cando o diñeiro fala todos calan.
19. Coa Autoridade e a Inquisición, ¡chitón!
20. Co preito perdido ou ganado, ten ao escribán do teu lado.
21. Con home estudado non disputedes e con pobre non preiteedes.
22. Conséllate con quen saiba e acertarás.
23. Consellos a avogados, peitear a carecas e catar pulgas a cans son traballos vans.

## CH

24. Chámasme a partir, chámasme a reñir.

## D

25. De ferreiro a ferreiro non corre diñeiro.
26. De marco a marco non hai arco sen muro, rego ou valado.
27. Dios desaveña quen nos manteña (Din dos curiais)
28. Do bo boa prenda e do malo non fies nada.
29. Do ceo veña quen nos manteña. (Din eclesiásticos e curiais)
30. Do diñeiro roubado ninguén encheu o sobrado.
31. Do mal pagador a paga en cinza.

## E

32. En canto hai pescozo, ninguén está libre da forca.
33. En morrendo o arrieiro sábese de quen é a récua.
34. En pouca auga pouco se navega.
35. Entre amigos un notario e cen testigos.
36. Escribáns e ameixeiras liberos Deus das miñas eiras.



37. ¡Este preito non che á Coruña!  
38. Eu ao facer a honra facíaa redonda.

**H**

39. Home morto non fala.

**M**

40. Mal escapa o que á forza debe.  
41. Muiños de herdeiros e bens de menores son os piores.

**N**

42. Na casa de Xan Pelexón todos reñen e todos teñen razón.  
43. Naipes e preitos non mercan leiros.  
44. Ninguén vai ao avogado que non veña consolado.

45. Non asines carta que non leas nin bebas auga que non vexas.
46. Non é polo ovo, senón polo foro.
47. Non hai prazo serodio.
48. Non se engana quen non conta.
49. Nunca chove como trona.

## 0

50. O bo preiteante, dixo Tomé, boca pechada, bursa aberta e listo de pé..
51. O costume fai lei.
52. O diñeiro racha as pedras.
53. Onde falan cartas calan barbas.
54. Onde non te chaman non te metas.
55. Onde vexas bulla escápate se non queres ser testemuña nin parte.
56. O que afora bota fóra.
57. O que dá o que ten antes de que morra merece que lle dean cunha cachiporra.
58. O que debe a Xan e paga a Andrés, ten que pagar outra vez.

59. O que debía e pagou tiña door e sanou.
60. O que fai fillos en muller allea perde a feitura (Véxase núm.83)
61. O que merca con diñeiro que non é seu non diga que merca senón que vendeu.
62. O que merca sen ter vende ser querer.
63. O que pon o cú en consello uns lle din branco e outros lle din negro.
64. O que testa na rúa sévese pola súa.
65. Os cartos cóllense unha vez e cóbranse tres.
66. Os negocios ou á veira do monte ou á veira da fonte.

## P

67. Palabra por dicir non ten chata.
68. Palabra e pedra solta non teñen volta.
69. Polo que gardo no me peito non teño preto.
70. Para entender de presos carceleiros vellos.
71. Para lograla hai que porfiala.
72. Para o ladrón da casa non hai pechadura.
73. ¡Preitos teñas e os ganes!
74. Prensa de galego diñeiro val.

## Q

75. Quen apela arrepela.
76. ¡Quen as fixo que as pague!
77. Quen cala consinte.
78. Quen come fiado caga mazarocas.
79. Quen come sen conta viven sen honra.
80. Quen dá o que ten a quen o entende non o dá que ben o vende.
81. Quen fai fillos en muller allea perde os fillos máis o feitío.
82. Quen mellor cos empregados se confesa maior penitencia leva.
83. Quen sen deber queira ser debedor fágase fiador.

## R

84. Rifan os ladróns e descóbreanse os roubos.
85. Rou, rou, fagamos o que o rei mandou.

## T

- 86. Tan boa é a venda como a hipoteca.
- 87. Todos me queren porque son da Audiencia, leve o demo tal competencia.

## U

- 88. Uns erguen a casa e outros a matan.

## V

- 89. Val máis algo perdido que todo comido.
- 90. Val máis cuestión perdida que preito ganado.
- 91. Val máis deixar a pillos que pedir a bos.
- 92. Val máis ruín compostura que bo preito.
- 93. Val máis ter libros de conta que conta de libros.

94. Val máis xustiza á porta que misericordia.

95. Van as leis onde queren os reis.

96. Van os cregos ao Concello levan a cuco no capelo.



Este libro saíu do prelo  
o día 26 de xuño de 2008, coincidindo coa  
XIV edición dos Premios L. Peña Novo,  
outorgados a  
don Xesús Ferro Ruibal,  
don Manuel A. Pereira Costas  
e ao Concello de Vilar Santos,  
entregados no Castelo de Soutomaior



